

Anjel Erro

Os tabúes estéticos na literatura vasca

Non é doado escribir sobor dos tabúes, aínda de non seres así, tampouco poderíamos tratalos exactamente como tales. Os tabúes afiánzanse co tempo, e unha proscripción – que é si non o tabú– que nunha época concreta e nunha sociedade concreta podería ter sentido, significado e utilidade, se convirte noutra época distinta nun atranco caprichoso, máxico e, na meirande parte dos casos, invisible. A sociedade descoñece os seus tabúes; do pouco que se nomean, perden o seu ser. Pero podemos ficar tranquilos, porque os demais sempre anda a velas vir, dispostos a nos axudar. Ese axente externo nos dirá encantado o que nós rexeitamos ver. Só eles, os demais, ou uns poucos iluminados nos poden decir algo así. (Pode que as sociedades bilingües como a nosa, na que sempre temos a posibilidade de brincar dunha lingua á outra, e deste xeito estar dentro e fora ó mesmo tempo, dámonos conta dos nosos propios tabúes sen necesidade de que ningún iluminado os lembre. De non seres deste xeito, eu nin me atrevería a tratar un asunto coma este). Creo que non existen os tabúes estéticos, ou mellor dito, creo que os tabúes estéticos non son estéticos. Vou pensar en alto. Non hai dúbida de que existen xeitos de facer literatura ós que o escritor non se achega. Poderíamos falar de tabúes estéticos, pero sexamos xenerosos ca idea da autonomía persoal de cada escritor e digamos que cada quen escribe como escribe porque así o decidiu. ¿Pero todo un conxunto, unha xeración enteira, unha lingua, quizabes, escribe como escribe porque así o decide ou os tabúes estéticos teñen algo que decir agora? Dixen que non existen os tabúes estéticos. Vou pontificar en alto. Creo que os tabúes estéticos son éticos. Creo, e xeneralizando un pouco máis, que os tabúes só poden ser éticos. Ninguén pode chegar a pensar que (poñamos por exemplo) alguén evite escribirla palabra morte pola súa cacofonía, ou pola beleza da súa expresión elixiu empregar para substituír esa palabra (por moi fermosas que sexan as metáforas empregadas para non nomeala directamente; teño nas miñas mans o diccionario de locucións vascas de Koldo Izagirre: dar o derradeiro alento, esvaerse a vida, non escoitalo proximo cuco, cruzalas augas do Jordán...), se non que é a súa propia moral, o seu xeito de entendelo mundo que o empurra a non empregar o concepto de morte. Teño a impresión de que nos achegamos á zona perigosa do binomio fondo/forma. Para uns, eses dous conceptos son invisibles, a cara e a cruz da mesma moeda, (reservo a miña opinión, polo de agora), para este fato o que diga a partires de agora non terá interese nin sentido. Hai tempo que ós escritores se lles divide en dous grupos (todo se divide en dous grupos dende hai moito tempo, pero máis aínda ós escritores): tendo en conta os que lle dan importancia e empreñando a terminoloxía de Horacio, poderíamos distinguilos entre os que priorizan o res(contido) e os que priman a verba(forma). Atendendo a esta división, os primeiros buscan o docere(educar), e os segundos o delectare(agradar). O mellor sería a mestura equilibrada dos dous elementos (¡propio de Horacio!), o que nomeamos como aure mediocritas, pero todos sabemos o estreita que é esa liña e que todos rematamos caíndo nunha ou noutra beira. Canto máis nos preocupa a forma, máis descuidámolo contido.

"Recréase de máis nos adornos, sinal de que non ten nada importante que decir", e algo que se oe dacotío, e pode que agora mesmo alguén o pense por min, porque non dou ido ó grao.

Segundo

intento

Non resulta doado saber porque me elixiron a min para falar dos tabúes estéticos. Son consciente de que escribín dous libros de poemas, e que iso pode animar a moita xente inocente pensar que son un poeta. Lembro algunhas críticas publicadas sobor dos meus

libros, e como a palabra esteticismo aparece en máis dunha, e como os meus amigos tentaban consolarme por esa ofensa que semella hai que entender como tal, porque, non sei en outros sitios, pero no meu pobo non está ben visto iso de ser (no caso de selo) un esteta. Supostamente, trátase do camiño que elixen aqueles que non queren comprometerse ou evitan collelo toro polos cornos. Pura simplificación, si, ¿pero por qué resulta tan magoante ser un esteta?

No meu pobo, un afamado mestre di que a poesía tomou dous sendeiros principias: o do simbolismo e o da vangarda. A min nonme gusta moito nin un nin o outro, semellan escuros de máis, e o que a min de verdade máis me gusta é a poesía clara. O que entendo lendo eses poetas (e, decindo a verdade, non os entendo moito), é que o fin último do estilo postsimbolista ultralírico é reflexalo mundo interior do poeta, e que (como o meu pobo é curioso dabondo) o do estilo postvanguardista son a identidade nacional, a reivindicación da utopía e a actitude crítica a un mundo que nos foi imposto. Un queda abraido. E pensa que tamén ten un mundo interior de seu, e que tamén mantén unha actitude crítica cara o mundo, ou así o creía. Pero as alusións ós clásicos e ós hendecasilabos rimados irrumpiron nos seus poemas, polo menos en dúas ocasións. Un xa no é tan grileiro como pensaba.

Terceiro

intento

É difícil sinalar cales son os tabúes estéticos na literatura vasca. Porque eu diría que os tabúes estéticos non existen. Existen, sen dúbida, unhas formas literarias, estéticas, que non se traballan de xeito especial, e que ocorre así, se non por mor das modas, tamén por outras historias que se lles bota enriba. Así a todo, vou tentar facer unha lista dos que poderían catalogarse de estéticos.

- Métrica e/ou rima. Entre nós se descoñecen/rexeitan estas ferramentas. Empréganse na literatura oral. A literatura escrita só os utiliza cando bebe da literatura oral, e de xeito moi mimético. Case non se empregan formas métricas (soneto, décimas,...) que nos chegan da tradición literaria (ver como distinguir un endecasílabo, aínda na prensa). Non ocorre o mesmo na música, os músicos contemporáneos (un György Ligeti) non deixaron de empregar antigas formas (un Requien).
- Integrala linguaxe coloquial no discurso literario. A argumentación literaria adoita ser cultivada, en grande medida, ata formares un idiolecto. É algo que ocorre a miúdo en situacións de diglosia. Compre coidalo idioma, e os modos da rúa, o vocabulario vulgar, os castelanismos, en lugar de enriqueceren o idioma auténtico, o idioma literario, veñen sendo un perigo, algo que evitar de calqueira xeito. (O escritor Unai Elorriaga semella rachar con esta regra).
- En relación co punto anterior, creo que tamén habería que ter en conta a posibilidade dialectal.
- Evitar, por unha beira, as referencias cultas de máis (metaliteratura, erudición,...) (ver “Cómo no parecer un erudito”, Mugalari, 01-07-2006) e, pola outra, as referencias íntimas de máis (dialectais, intrahistóricas ou “vascas” de máis,...). É decir, arredar todo aquilo que poida molestar ó lector de hoxe en día.
- No relativo ós xéneros, faltan na narrativa as memorias, os dietarios e en xeral os xéneros de non ficción, e na ficción a corrente realista non é a máis visible. ¿É a ficción un sendeiro de fuga? ¿Evita o testemuño directo do escritor?
- En poesía,

Cuarto

intento

Existen moitos tabúes na literatura vasca. Hai sousas das que é mellor non falar, xa

sabedes as que son (non podo citalas), por iso mírase con lupa como non se di iso que non se pode decir.

Quinto

intento

Antes de empezar, quixera dalas gracias á todos aqueles que me permitiron estar hoxe aquí falando dun tema que particularmente me resulta moi interesante. Pero tamén hei de confesar que lles vou causar unha pequena mágoa, porque eu non me sinto quen de decir nada máis relevante sobor dos tabúes estéticos. Non teño claro claes son os tabúes estéticos que existen na literatura vasca. Si, teño a sospeita de que os tabúes estéticos non son auténticamente estéticos, se non éticos. E iso viría a decir que se alguén non segue certa estética, é sinal de que non comparte os prexuízos éticos que, querendo ou sen querer, se lle otorgan a esa estética. Por iso, un debate sobor dos tabúes estéticos sempre estará viciado, ou mellor dito, condicionado pola ideoloxía. Polo tanto, mellor non adentrarme de máis neste tema. Pero si, pola contra, tocar outro aspecto. Habería que evitar esa corrente cega que relaciona unha estética concreta (empregar unhas vías formais neutras para faceres arte) cunha ética concreta. Somos nós, os que escollémolo que facer literario, polo exercicio escrito do coñecemento, os que temos que rachar con ese tipo de prexuízos, e por suposto, con tódolos prexuízos. A mín, gústame o músico José Alfonso, símbolo da liberdade nos tempos da dictadura, intérprete da coñecida *Grandola, vila morena*. Eu non sei como recibiron seu disco de 1976 (non lembro agora o seu título, non o teño á man), onde cancións como *Os fantoches de Kissingere Como se faz um canahla* se tocan co xeito bailón e divertido da bossa-nova. Non sei, pero podo imaginar que moitos non se tomaron a ben que alguén tratara uns asuntos tan serios de xeito non tan serio. Porque así é como se desacralizan as cousas serias.

Neste sentido, o escritor Adam Zagajewski escribe no seu ensaio *Na defensa do fervor* que compre coidalo ton, porque na nosa sociedade os temas graves non son tratados con ton grave, se non cunha ironía que racha con todo. Non sei que respostar. Na miña opinión, ese sería o único tabú estético –non sei si no mundo ou na Polonia de Zagajewski, pero sí polo menos en Euskal Herria– que pagaría a pena mencionar e botar abaixo: escribilos asuntos (supostamente) serios nun ton máis xentil, crear ese contraste enriquecedor. Xa nos chegará a hora de poñernos circunspectos, sair a prol do fervor, cando de tanto xeneralizalo contrario ninguén sexa quen de poñer un ton inspirador.

Traducido do vasco por Iratxe Retolaza.